



O Real Decreto 56/2005 do 21 de Xaneiro de 2005 modificado polo Real Decreto 1509/2005 do 16 de decembro regula os estudos oficiais de posgrao de Máster e doutoramento, para a aplicación desta normativa o Consello de Goberno da USC aprobou o Regulamento de estudos oficiais de posgrao por Acordo do 7 de xuño de 2006, no que establece os marco normativo destes estudos se ben, a súa regulamentación afecta de xeito máis singular aos estudos de Máster que aos de doutoramento.

O Decreto 13/2007, do 1 de febreiro polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso 2007/2008, e mailos programas de doutoramento enmarcados nos programas de posgrao que se implantaron no curso 2006/2007 e que foron aprobados polo Decreto 51/2006 do 23 de marzo teñen unha composición diversa na súa organización: interuniversitarios, interdepartamentais, interfacultativos, etc.

Co obxecto de que os alumnos que comezaron os seus estudos de posgrao no curso 2006/2007 segundo o RD 56/2005 do 21 de Xaneiro teñan a posibilidade de encetar os estudos de doutoramento, e coñecer á Oferta dos programas de doutoramento que consonte ao RD 56/2005 poderán matricular os estudantes, esta Reitoría ao abeiro da Disposición Adicional Primeira do Regulamento de Estudos Oficiais de posgrao do 7 de xullo de 2006

Resolve,

Artigo 1.- O Doutoramento

O terceiro ciclo dos estudos universitarios ten como finalidade a formación avanzada do doutorando nas técnicas de investigación. Esta formación deberá articularse en cada programa oficial de posgrao debendo incluír a elaboración e presentación da correspondente tese de doutoramento, consistente nun traballo orixinal de investigación. A superación deste ciclo dará dereito á obtención do título de Doutor.

Os plans de estudos de doutoramento enmarcados nos Programas oficiais de Posgrao que se establecen no ANEXO desta resolución sinalan os seus obxectivos determinando as competencias e habilidades que os estudantes deben conseguir, así como as actividades a desenvolver, as liñas de investigación ás que están orientados así como a programación doutras actividades docentes ou investigadoras, de ser o caso. Tamén figura nos mesmos a relación de profesores e investigadores encargados da dirección das teses de doutoramento.

Artigo 2.- Requisitos de acceso aos estudos de doutoramento

Para acceder ao doutoramento o estudante debera cumprir os seguintes requisitos simultaneamente:

- a) Estar en posesión dun título de Máster ou reunir os requisitos para a súa obtención ou ter superados un mínimo de 60 créditos dun Máster.
- b) Ser Licenciado, arquitecto ou enxeñeiro, enxeñeiro ou arquitecto técnico, diplomado ou mestre, ou calquera outra titulación equivalente ou posuír un título de Grao.

- c) En todo caso o estudante deberá ter superado un mínimo de 300 créditos no conxunto dos seus estudos universitarios previos de Grao e Posgrao. A este respecto as actuais titulacións de Enxeñaría, Arquitectura, Licenciatura, Enxeñaría e Arquitectura Técnica, Diplomaturas e Mestres terán a consideración de estudos de grao.

Non obstante o anterior, para acceder á etapa de tese, o estudante debe estar en posesión dun título de Grao ou das actuais titulacións ou dun título de Máster.

2.1 Acceso estudantes estranxeiros

Tamén poderán acceder ao doutoramento, nas mesmas condicións, os alumnos estranxeiros con estudos estruturados conforme o sistema establecido no espazo europeo de educación superior. Asemade poderán acceder a esta etapa aqueles estudantes dos países que determine a Universidade, sempre que estean en posesión de títulos de posgrao ou diplomas equivalentes ao DEA e sempre que estes títulos lle dean acceso ao doutoramento no seu país de procedencia.

Os demais estudantes estranxeiros someteranse aos procesos de homologación ou equivalencia que se determine pola universidade.

Artigo 3 . Procedencia dos alumnos para acceder ao doutoramento:

- a) Alumnos que cursaron un Máster con acceso directo ao doutoramento ou que sen completalo realizou o itinerario de doutoramento, que de ser o caso, establece o programa. Terán esta consideración todos os alumnos que realizaron un Máster noutro POP de calquera universidade dentro do mesmo campo científico e con obxectivos e competencias similares aos organizados pola USC.
- b) Alumnos que cursaron un Máster noutro POP enfocado a investigación e quere acceder ao doutoramento doutro POP.
- c) Alumnos que cursaron un Master dun POP que non ten acceso directo ao doutoramento e quere acceder a este.

Os estudantes comprendidos na alínea c) so se lle poderán computar os créditos das materias impartidas por profesores doutores, aos efectos de reunir os requisitos de acceso ao doutoramento.

Correspondera ao órgano encargado da admisión determinar, o conxunto de materias, cursos ou seminarios, que de ser o caso, deba realizar cada estudante para completar a súa formación, para poder realizar a etapa de tese.

Artigo 4. Criterios de Admisión e selección dos estudantes que reúnan os requisitos de acceso:

Preferencias

- a) Alumnos procedentes dos Programas oficiais de posgrao que figuran nesta resolución que organizan as titulacións de Máster con acceso directo ao doutoramento.

- b) Alumnos procedentes de Programas oficiais de posgrao que organizan Máster cursados noutras universidades con obxectivos similares e cos que se adquiren as competencias e habilidades previstas para o doutoramento incluídos nos POP desta resolución.

Criterios de selección:

- Expediente académico no que contará a titulación de acceso ao Máster e mailo Máster ou os 60 créditos do itinerario de doutoramento de selo caso. A media do expediente farase consonte á normativa que ao respecto ten establecida a USC.
- Experiencia investigadora.
- Experiencia profesional
- Proxecto de investigación, no caso dos alumnos non propios
- Estadías académicas no estranxeiro e coñecementos de idiomas
- Obtención de axudas e bolsas de investigación

No caso de que a Comisión o considere preciso, efectuarase unha entrevista persoal ao candidato antes de admitir a súa inscrición ao Doutoramento

Artigo 5.- Órgano de admisión e selección


Corresponderá á cada Comisión Académica do POP, a selección dos estudantes no doutoramento, de acordo cos criterios establecidos. En todo caso, previo á apertura do prazo de solicitude no doutoramento (etapa de tese) a Comisión Académica do POP deberá publicar a puntuación que corresponde a cada un dos criterios, resultando seleccionados os que acaden a puntuación máis alta.


Asemade será a Comisión Académica a que determine os cursos de formación previa que de ser o caso deberán facer os alumnos para completar a formación previa que sinala o artigo 3 desta resolución.

Disposición adicional Primeira.- Corresponderá ao reitor, ao persoa en quen delegue, a interpretación ou aclaración desta resolución.

Disposición derogatoria.- Quedan derogadas cantas disposición e resolucións se opoñan ao disposto nesta resolución.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2007

O Reitor,

Senén Barro Ameneiro



Sr. Vicerreitor de Oferta docente e EEE Superior, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Srs./as. Coordinadores dos POP, Sr/as. Directores/as de Departamento; Sr/as. Decano/as e Director/as de Centro; Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Servizo de Xestión Académica; Directora da OIU

ANEXO

Oferta doutoramento para e etapa de Tese

| | PROGRAMA | PÁXINA |
|----|---|--------|
| 1. | Programa Oficial de Posgrao en Ciencia e Tecnoloxía Química..... | 4 |
| 2. | Programa Oficial de Posgrao en Enxeñaría Biotecnolóxica | 8 |
| 3. | Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Historia Contemporánea..... | 10 |
| 4. | Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e CC. Aplicadas..... | 12 |
| 5. | Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Neurociencia | 14 |
| 6. | Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Xerontoloxía..... | 17 |

1. Programa Oficial de Posgrao en Ciencia e Tecnoloxía Química

Doutor polas Universidade de Santiago de Compostela e Vigo.

Estrutura do Doutoramento:

Non terá cursos regulados, en todo caso para ser admitido na etapa de tese deberán ter cursado o Módulo de Iniciación á Investigación do Máster Oficial en Química Avanzada, ou o seu equivalente noutros Máster.

Liñas Específicas de Investigación: USC

1. Agregación das plaquetas referibles á estrutura de piridazinas
2. Illamento, elucidación estrutural e síntese de produtos naturais
3. Aminoácidos e aminoalcois de ciclopentano heterocondensados
4. Aplicación de estratexias fotoquímicas en Química Analítica
5. Aplicacións sintéticas dos complexos organometálicos
6. A química farmacéutica del SNC: variacións estruturais en butirofenonas como antipsicóticos
7. Biomoléculas, determinación de la configuración absoluta por RMN, produtos naturais bioactivos, polímero biocompatibles
8. Cálculos computacionais en Química Orgánica
9. Catálise homoxénea con complexos metálicos
10. Ciclación de tiosemicarbazonas en presenza de metais
11. Ciclometalación
12. Compostos ciclometalados
13. Compostos de coordinación con ligandos de xofre e fósforo
14. Compostos de metais con potencial actividade farmacolóxica
15. Complexos metálicos con ligandos tiolato
16. Compostos metálicos con ligandos dadores de fósforo e xofre
17. Compostos de coordinación polinucleares
18. Cromatografía e Quimiometría
19. Cromatografía de gases e preparación da mostra
20. Desenvolvemento da metodoloxía analítica para a determinación de metais en medios biolóxicos e ambientais

21. Desenvolvemento de métodos analíticos
22. Desenvolvemento de novas metodoloxías sintética de baixo impacto medioambiental
23. Deseño de fármacos por ordenador
24. Deseño de inhibidores de aspartilproteasas de interese farmacolóxicos
25. Desenvolvemento de metodoloxía analítica para a determinación de compostos fenólicos, aromáticos clorados, PAHs, novos contaminantes emerxentes e os seus produtos de degradación en mostras ambientais (augas, chans, madeira, etc) e biolóxicas...
26. Desenvolvemento de modelos de simulación e optimización off-line para procesos cromatográficos
27. Deseño e síntese de análogos butirofenónicos como antisipcóticos potenciais
28. Desenvolvemento de novas moléculas con actividade antiasmática y/ou antialérxica
29. Deseño, síntese e avaliación como antivirais e antineoplásico de novos carbonucleósidos e isoazanucleósidos
30. Deseño, síntese e avaliación como axentes neuroprotectores de novos peptidomiméticos de prolina
31. Determinación de elementos traza en medios biolóxicos, alimentos e mostras medioambientais. Estudo da biodisponibilidade de elementos traza en alimentos
32. Determinación de compostos haloxenados persistentes
33. Dinámica de procesos de solvatación
34. Dinámica de reaccións químicas
35. Elementos traza, espectroscopia e especiación
36. Especiación. Biodisponibilidade
37. Espectroscopia-FIA-CMAPRL
38. Estudo de complexos metálicos de fosfinas con potencial actividade biolóxica
39. Estudos de indución asimétrica en reaccións de aza-Diels Alder
40. Estudo de novas formas de pregado en peptidomiméticos
41. Estudo estrutural e dinámico de medios organizados mediante sondas fluorescentes
42. Estudo teórico de interaccións intermoleculares
43. Estudo teórico de mecanismos d reaccións químicas
44. Indución asimétrica
45. Interacción de especies metálicas e organometálicas con vitaminas
46. Mecanismos de interacción de mitomicina con ácidos nucleicos
47. Metais de transición en síntese orgánica
48. Metodoloxías QSAR e de avaliación "in silico" para diferentes propiedades en moléculas pequenas e macromoléculas
49. Modelos d absorción dos compoñentes do solo
50. Monocapas
51. Novas metodoloxías sintéticas baseadas no emprego de radicais libres, reaccións de ciclo adición e de anelación
52. Nucleoóxidos carbocíclicos como fármacos antitumorais e antiavirais
53. Preparación de compostos heterocíclicos que actúan sobre o sistema nervioso central
54. Procesos de transferencia protónica fotoinducida
55. Procesos de transferencia protónica: Estudo teórico
56. Química bioinorgánica e supramolecular
57. Química biolóxica e supramolecular: nanotubos peptídicos
58. Química cuántica
59. Química de arinos: aplicacións en síntese de produtos bioactivos e no desenvolvemento de materiais moleculares
60. Química biolóxica e supramolecular de ácidos nucleicos, péptidos e proteínas

61. Química de carbohidratos: aplicación á síntese de compostos bioactivos e de novos materiais
62. Química de coordinación de metais de transición
63. Química de coordinación e bioinorgánica
64. Química de coordinación macrocíclica
65. Química física de medio ambiente
66. Química molecular y estrutural
67. Química sintética, biolóxica e supramolecular
68. Química supramolecular
69. Recoñecemento molecular e nanotecnoloxía
70. Reaccións modelo de procesos encimáticos
71. Reaccións tándem
72. Reactividade e catálise
73. Simulación de formación e propiedades de nanoestruturas
74. Síntese de compostos que recoñecen o complexo catalítico encimá-ácido nucleico
75. Síntese de moléculas que recoñecen sitios básicos e ocos no ADN
76. Síntese e reactividade de compostos nitroxenados
77. Síntese en fase fluorosa
78. Síntese total, catálise e nanotecnoloxía
79. Síntese electroquímica de complexos metálicos
80. Síntese, reactividade e aplicacións de produtos naturais
81. Tiosemicrabazonas derivadas de ferroceno: síntese e actividade farmacolóxica dos seus complexos metálicos e organometálicos
82. Deseño e síntese de novos antibióticos e herbicidas basados na inhibición da biosíntese dos aminoácidos aromáticos
83. Deseño, síntese e estudo de antitumorais intercalantes do ADN
84. Deseño, síntese e estudo de cumarinas con diferentes intereses farmacolóxicos
85. Síntese de compostos de interese agroalimentario
86. Síntese de inhibidores enzimáticos

Universidade de Vigo

1. Complexos de metais de transición con potencial actividade catalítica e/ou biolóxica
2. Deseño e síntese estereocontrolada de biomoduladores
3. Deseño, síntese e caracterización de compostos bioactivos.
4. Deseño, síntese e caracterización de polímeros de coordinación e sistemas supramoleculares inorgánicos.
5. Estudo da interacción de especies metálicas con sistemas biolóxicos.
6. Nonoquímica, nanofotónica e nanomedicina.
7. Química cuántica (análise de densidade electrónica)
8. Reactividade en agregados coloidales. Catálisis en presenza de nanopartículas.
9. Reactividade química en sistemas homoxéneos e heteroxéneos

Non establece criterios para a dirección de teses

Relación de Profesores/as e Investigadores/as Encargados da Dirección de Teses de Doutoramento:

Alonso Alonso, Ricardo; Al-Soufi, Wajih; Antelo Cortizas, Juan M.; Arce Vázquez, Florencio; Barciela Alonso, M^a Carmen; Bastida de la Calle, Rufina; Bermejo Barrera, Adela; Bermejo Barrera, Pilar; Bermejo González, M^a Elena; Bermejo Patiño, Manuel Rafael; Blanco Fernández, José Manuel; Blanco Varela, M^a Carmen; Bollaín Rodríguez,

Herminia; Buján Núñez, M^a Carmen; Caamaño Santos, Olga; Cabaleiro Lago, Enrique M.; Carro Díaz, Antonia; Casais Laiño, Carmen; Casas Fernández, José Sergio; Casas Parada, Matilde; Castaño Palazón, M^a Victoria; Castedo Expósito, J. Luis; Castiñeiras Campos, Alfonso; Cela Torrijos, Rafael; Cobas Martínez, Agustín; Conde Mouzo, Olga M^a Enma; Crugeiras Martínez, Juan; Domínguez González, Raquel; Domínguez Francisco, Domingo; Duran Carril, M^a Luz; Eirín Pena, Ana; Estevez Cabanas, Juan Carlos; Estevez Cabanas, Ramón J.; Fernández González, Franco; Fernández Masaguer, Jorge Christian; Fernández Rodríguez, Berta; Fiol López, Sarah; García Fernández, M^a Esther; García Jares, Carmen; García Mera, Xerardo; García Monteagudo, Juan Carlos; García Río, Luís; García Suárez, Alberto; García Tasende, M^a Soledad; García Vázquez, José Arturo; Gayoso Andrade, Eduardo; Gómez Conde, M^a Carmen; González Bello, Concepción; González Portal, Aurora; Granja Guillán, Juan R.; Guitián Rivera, Enrique; Iribargegaray Jado, Eduardo; Llompart Vizoso, Maria; López Estevez, Susana; López Quintela, Manuel Arturo; López Santamaría, M^a del Carmen; Lorenzo Ferreira, Rosa; Lores Aguín, Marta; Macias Luaces, Alejandro a.; Mascareñas Cid, José Luis; Mejuto Martín, M^a Carmen; Miñones Trillo, José; Moreda Piñeiro, Antonio; Mosquera González, Manuel; Mouriño Mosquera, Antonio; Paleo Pillado, Rita; Parajó Montes, M^a Mercedes; Paz Castañal, Manuel; Pereira Lorenzo, M^a Teresa; Pérez Meirás, M. Dolores; Quiñoá Cabana, Emilio; Raviña Rubira, Enrique; Riguera Vega, Ricardo; Ríos Fernández, Miguel Ángel; Ríos Rodríguez, Ana M^a; Ríos Rodríguez, M^a Carmen; Rodríguez Otero, Jesús; Rodríguez Pereiro, Isaac; Rodríguez Prieto, M^a Flor; Rodríguez Rodríguez, Adolfo; Romero López-Grado, Jaime; Rubí Cano, Elisa; Saá Rodríguez, Carlos; Sánchez Díaz, Agustín; Sánchez González, Ángeles; Sández Macho, M^a Isabel; Sanmartín Matabolos, Jesús; Santana Penín, Lourdes; Sardina López, F. Javier; Seijas Vázquez, Julio; Sordo Rodríguez, José; Sousa Alonso, Antonio; Suárez Gimeno, M^a Isabel; Suárez Varela, Arturo; Tojo Suárez, Gabriel; Torneiro Abuín, Mercedes; Uriarte Villares, Eugenio; Varela Rial, José M^a; Vázquez Rodríguez, Saulo; Vázquez Tato, Pilar; Vázquez Vázquez, Carlos; Vila Abad, José Manuel; Villaverde Cameron-Walker, M. Carmen; Yebra Biurrun, M^a Carmen

Número de Prazas Ofertadas: 80

2. Programa Oficial de Posgrao en Enxeñaría Biotecnolóxica

Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela

Estrutura do Doutoramento:

Non ten cursos regulados. Unha vez admitidos ao doutoramento, os alumnos traballarán directamente nos seus temas de teses, completando a súa formación investigadora con actividades formativas de ser o caso.

Liñas Específicas de Investigación:

1. Caracterización bioquímica, serolóxica e molecular de bacterias. Estudo dos mecanismos de virulencia bacterianos: factores celulares e extracelulares. Deseño e avaliación dos medios de cultivo e sistemas de diagnóstico bacteriolóxico
2. Biotecnoloxía de proteínas
3. Caracterización de proteínas virais
4. Reninas microbianas na industria queixeira
5. Bioloxía molecular das paredes celulares
6. Novas estratexias terapéuticas da enfermidade de Párkinson: neuroprotección, transplantes celulares. Potenciamento do fenotipo dopaminérxico a partir de células.
7. Caracterización xénica da maduración
8. Estudo de ingredientes e/ou aditivos alimentarios
9. Extracción axudada por enzimas de polifenóis de piñeiro
10. Glicobiotecnoloxía en plantas
11. Glicobiotecnoloxía en microorganismos
12. Bioconservación de alimentos
13. Biotecnoloxía en fermentacións industriais
14. Xenómica mariña
15. Interacción xenes-nutrientes
16. Mellora biotecnolóxica de cultivos mariños
17. Control molecular de autenticidade e calidade de alimentos de orixe animal.
18. Desenvolvemento de vacinas para acuicultura por técnicas biotecnolóxicas.
19. Novos bioprocesos e biorreactores.
20. Identificación e avaliación de factores xenéticos implicados nas enfermidades humanas mediante desequilibrio de ligamento.
21. Desenvolvemento e control de procesos bioindustriais
22. Aplicacións da biotecnoloxía ao deseño de fármacos
23. Sistemas xenéticos multiloci
24. Aplicacións prácticas da biotecnoloxía na biorremediación
25. Incidencia de factores ambientais na produción de moluscos
26. Novas estratexias biotecnolóxicas na produción de pigmentos farmacéuticos e alimentarios.
27. Optimización metabólica de células empregadas como vectores de produción biotecnolóxica.
28. Enxeñaría Xenética na Produción de Antibióticos.
29. Aplicacións da Bioinformática estrutural ao deseño de fármacos.
30. Bioquímica do linfocito T.
31. Aplicación da Proteómica na identificación de Biomarcadores.
32. Nanobiotecnoloxía nos alimentos.
33. Diagnóstico de enfermidades hereditarias.

34. Farmacoxenética.
35. Estudo das lliñas germinais en invertebrados e vertebrados.
36. Estudo da alternancia e cambio de sexo en invertebrados e vertebrados
37. Desenvolvemento e caracterización de modelos inducibles de tumores humanos en animais xenéticamente modificados

Criterios para dirección de Teses:

A dirección de teses doutorais poderá realizarse por aqueles doutores que compran os seguintes requisitos:

- a) Experiencia probada nas temáticas sinaladas nas liñas de investigación.
- b) Os directores serán profesores do POP de Enxeñaría Biotecnolóxica. No caso de non ser así, a Comisión Académica procederá a nomear un titor entre o profesorado

Relación de Profesores/as e Investigadores/as Encargados da Dirección de Teses de Doutoramento

Guerra Seijas, María Josefa; Labandeira García, José Luis; Rodríguez Pallares, Jannette; Benavente Martínez, Francisco Javier; Freire Rama, Manuel; García Martín, Óscar; Martínez Costas, José Manuel; Pazos Castellos, Antonio; Pérez-Parallé Mera, María de la Luz; Sánchez, López, José Luis ; Loza García, María Isabel; Fernández-Otero, Cristina; Herrera López, María Teresa; Matilla Carro, Ángel; Revilla López, María Gloria; Zarra Cameselle, Ignacio; Martínez Portela, Paulino; Zapata Babío, Carlos; Núñez García, María José; Roca Bordello, Enrique; Sineiro Torres, Jorge; De Miguel Bouzas, Trinidad; González Villa, Tomás; Pereira Dopazo, Carlos; Poza Domínguez, Margarita; Santos Rodríguez, María Isabel; Simal Lozano, Jesús; Barros Velázquez, Jorge; Calo Mata, María del Pilar; Prado Rodríguez, Marta; Sampetro Jiménez, Javier; Costoya Puente, José A.

Número de Prazas Ofertadas: 25



3. Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Historia Contemporánea

Doutor polas Universidades de: Santiago de Compostela, Autónoma de Madrid, Complutense de Madrid, Valencia, País Vasco, Cantabria

Estrutura do Doutoramento

Non ten cursos regulados. Unha vez admitidos ao doutoramento, os alumnos traballarán directamente nos seus temas de teses, completando a súa formación investigadora con actividades formativas de ser o caso. A tales efectos porase en marcha en cada sede un Seminario de Investigación con participación de doutores invitados maillos propios doutorandos orientado ós seguintes fins:

- Presentar e someter a crítica os avances das investigacións en curso.
- Por en contacto ós doutorandos cos vellos mestres e novos investigadores da área.
- Reforzar a formación dos doutorandos habituándoos a defender en público os seus traballos e a participar en debates.

Liñas Específicas de Investigación:

A investigación no Doutoramento abarca calquera tema susceptible de ser vencellada á área de coñecemento da "Historia Contemporánea", propoñéndose como grandes liñas de traballo ou investigación as seguintes

1. O Estado e o espazo público
2. Sociedade, nacións e nacionalismo
3. Historia das sociedades rurais
4. Culturas políticas
5. Historia das relacións internacionais
6. Institucións e estruturas sociais
7. Historia do tempo presente e memoria histórica
8. Historia das sociedades urbanas

Criterios para dirección de Teses:

O coordinador de cada sede será o encargado de asignar director de tese a cada un dos alumnos, a proposta destes e previa aceptación dos doutores propostos

Relación de Profesores/as e Investigadores/as Encargados na Dirección de Teses de Doutoramento

Universidade Autónoma de Madrid: Frax Rosales, Esperanza; Guillem Mesado, Juan Manuel; Martínez Lillo, Pedro Antonio; Cabrera Bosch, M^a Isabel; Díaz Sánchez, Pilar; Donézar Díez de Ulzurum, Javier M^a; Fernández Vargas, Valentina; Ferrera Cuesta, José Carlos; Flaquer Monteguui, Rafael; Folguera Crespo, Pilar; García García, Carmen; Guardia Herrero, Carmen de la; Hijano Pérez, Ángeles; Marcuello Benedicto, Juan Ignacio; Matilla Quiza, María Jesús; Moral Ruíz, Joaquín del; Neila Hernández, José Luís;



Pan-Montojo González, Juan Luís; Pérez Lédesma, Manuel; Pérez Núñez, Javier; Pro Ruíz, Juan; Rodríguez Lavandeira, José; Soto Carmona, Álvaro; Toboso Snánchez, Pilar.

USC: Souto Blanco, María Jesús; Villares Paz, R; Beramendi González, J.; Fernández Prieto, L.; Grandío Seoane, E.; Cabo Villaverde, M; Rico Boquete, E; Balboa López, X; Veiga Alonso, X.R.; Núñez Seijas, X.M.; Cagiao Vila, P; Barreiro Fernández, X.R.; Artiaga Rego, A.; Varela González, I.; López Rodríguez, P.; Pazos Pazos, M^a Luísa; Castro Pérez, X.; Baz Vicente, M^a Jesús; López Facal, R.; Rei Tritá, E.; Barral Martínez, Margarita; Cabana Iglesias, Ana.

Universidad Complutense de Madrid: Aróstegui Sánchez, Julio; Borrás Llop, José María; De Diego García, Emilio; Fernández García, Antonio; Fernández Poza, Milagros; Fusi Aizpurúa, Juan Pablo; Gómez Bravo, Gutmaro; Gómez-Ferrer Morant, G; Hernández Sandoica, Elena; Langa Laorga, Alicia; Martínez Martín, Jesús; Martínez Rus, Ana; Martínez Sanz, José Luís; Menchén Barrios, M^a Teresa; Moral Ruiz, Carmen del; Moreno García, Julia Fca.; Moreno Juste, Antonio; Nielfa Cristóbal, Gloria; Niño Rodríguez, Antonio; Otero Carvajal, Luís E.; Pereira Castañares, Juan C.; Ruiz de Azúa Martínez de Ezquerecocha, Estíbaliz; Rúa-Manjón Cabeza, Octavio; Sánchez García, Raquel; Sánchez Jiménez, José; Torre del Río, Rosario de la; Yllán Calderón, Esperanza.

Universidade Pais Vasco: Agirreazkuenaga Zigorraga, Josefa; Aizpuru Murúa, Mikel Xabier; Arbaiza Vilallonga, Mercedes M^a; Castells Arteche, Luís; Chueca Inchusta, Jesús Pablo; De la Granja Sainz, José Luís; De Pablo Contreras, Santiago; Díaz Freire, José Javier; González Portilla, Manuel; Gracia Carcamo, Juan Antonio; Luengo Teixidor, Félix; Martínez Rueda, Fernando; Mees, Ludger Karl Paul; Miralles Palencia, Ricardo; Montero García, Manuel; Novo López, Pedro Alberto; Ortiz de Orruño Legarda, José María; Pérez-Fuentes Hernández, M^a Pilar; Portillo Baldes, José María; Rivera Blanco, Antonio; Rubio Pobes, María del Coro; Ugarte Tellería, Francisco Javier; Urquijo Goitia, Mikel; Urruticoechea Lizarraga, José Gregorio; Valverde Lamfs, María Dolores.

Universidade de Valencia: Baldo Lacomba, Marc; Bosch Sánchez, Auror; Burdiel Bueno, Isabel; Carnero Arbat, Teresa; Del Alcázar Garrido, Joan; Díez Rodríguez, Fernando; García Monerri, Carmen; García Monerri, Encarna; Girona Albuixech, Albert; Martí Martínez, Manuel; Navarro Navarro, Javier; Pons i Pons, Anacleto; Romeo, María Cruz; Ruiz Torres, Pedro; Saz Campos, Ismael; Serna Alonso, Justo; Tabanera García, Nuria; Yanini Montes, Alicia.

Universidade de Cantabria: Barreiro Alonso, Ángeles; Dardé Morais, Carlos; Capellán de Miguel, Gonzalo; Garrido Martín, Aurora; Gómez Ochoa, Fidel; González Hernández, M^a Jesús; Rueda Hernanz, Germán; Sánchez Gómez, Miguel Angel; Suárez Cortina, Manuel.

Número de Prazas Ofertadas: USC (20 prazas); UAM (40); UCM (20 prazas); UPV (25); UV (20 prazas); UC (20)

4. Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e CC. Aplicadas

Doutor polas Universidades: Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo

Estrutura do Doutoramento:

Para os alumnos admitidos no doutoramento organizaranse anualmente cursos sobre temas de investigación avanzada en Matemática Aplicada e relacionados coas liñas de investigación que conforman o doutoramento. Ademais, será unha prioridade para este programa a participación en congresos e cursos de especialización, así como a realización de estancias de investigación en centros de recoñecido prestixio.

Os estudantes deberán seguir o seguinte itinerario para obter o título de doutor:

-No momento de solicitar a admisión deben presentar un proxecto de tese avalado por algún profesor de programa, que actuará como titor ou director de tese.

-Formación durante o primeiro ano de doutoramento: realización dun mínimo de 10 créditos de cursos e doutras actividades con unha equivalencia doutros 10 créditos. Estes cursos e actividades non son os mesmos para todos os alumnos, e tampouco son de libre elección, senón que serán especificados a cada alumno polo seu titor ou director de tese segundo o perfil do estudante e a liña de investigación do seu proxecto.

LISTA DE CURSOS:

- a) Cursos específicos para o doutoramento ofertados dende os departamentos que orzanizan ou que participan no POP
 - "Curso Avanzado de Ecuacións en Derivadas Parciais" (4 créd.)
 - "Curso avanzado de elementos Finitos" (4 créd.)
 - "Temas avanzados de Matemática Aplicada I, II, III e IV" (son catro cursos cada un de 2 créd.)
 - "Computación Paralela" (5 créd.)
- b) Cursos de Máster en Enxeñaría Matemática que o alumno non teña cursado
- c) Cursos avanzados externos ao POP

Ao cabo de dous anos contados dende a admisión, o alumno fará ante un tribunal, unha exposición do traballo realizado ata ese momento.

Liñas Específicas de Investigación:

LIÑAS DE INVESTIGACIÓN XERAIS:

1. Análise de ecuacións en derivadas parciais (EDP)
2. Computación numérica
3. Métodos numéricos para EDP e para ecuacións diferenciais ordinarias (EDO)
4. Modelado e simulación numérica de problemas en ciencias aplicadas
5. Modelado e simulación numérica de problemas industriais e empresariais
6. Resolución numérica de EDP e de EDO

LIÑAS DE INVESTIGACIÓN ESPECÍFICAS:

- (1) Análise de EDP
 - a. Análise das ecuacións da radiación térmica
 - b. EDP non lineares. Problemas de fronteira libre
 - c. Homoxeneización de medios porosos
 - d. Solucións xeneralizadas de EDP
- (2) Cálculo Paralelo
- (3) Modelos, análise matemática e simulación numérica en Acústica
 - a. Problemas acústicos en dominios non acotados
 - b. Problemas de acústica e interacción fluído-estrutura
 - c. Problemas de ondas en alta frecuencia
 - d. Simulación numérica de problemas acústicos e elastoacústicos
- (4) Modelos, análise matemática e simulación numérica en Electromagnetismo
 - a. Guías de ondas electromagnéticas
 - b. O método dos elementos finitos adaptativo para o modelo de hedí currents
 - c. Problemas termo-magneto-hidrodinámicos
- (5) Modelos, análise matemática e simulación numérica en Finanzas
- (6) Modelos, análise matemática e simulación numérica en Fluídos
 - a. Análise de inestabilidades hidrodinámicas
 - b. Combustión
 - c. Modelos asintóticos
 - d. Problemas de acústica e interacción fluído-estrutura
 - e. Simulación de problemas de medio ambiente
 - f. Simulación numérica con volumes finitos e esquemas descentrados en problemas hidrodinámicos
 - g. Triboloxía
- (7) Modelos, análise matemática e simulación numérica en Sólidos
 - a. Biomecánica: simulación numérica da mandíbula humana
 - b. Comportamento de estruturas, vigas, placas, láminas, contacto, rozamento, adhesión e desgaste
 - c. Glacioloxía
 - d. Modelos asintóticos
 - e. Simulación de procesos en formación de ósos, Odontoloxía e Ortodoncia
- (8) Optimización e Control
 - a. Control en problemas acústicos
 - b. Control óptimo de EDP
 - c. Optimización numérica
- (9) Resolución numérica de ecuacións integrais
 - a. Elementos de contorno

Non establece criterios para a dirección de teses

Relación de Profesores/as e Investigadores/as Encargados na Dirección de Teses de Doutoramento:

Álvarez Dios, José Antonio; Barral Rodiño, Patricia; Bermúdez de Castro López-Varela, Alfredo; Fernández García, José Ramón; Ferrín González, José Luís; Gómez Pedreira, M^a Dolores; López Pouso, Óscar; Muñiz Castiñeira, M^a del Carmen; Muñoz Sola, Rafael; Pena Brage, Francisco José; Quintela Estévez, Peregrina; Rodríguez Iglesias, Carmen; Salgado Rodríguez, M^a del Pilar; Santamarina Ríos, Duarte; Seoane Martínez, M^a Luisa; Vázquez Cendón, M^a Elena; Vázquez Méndez, Miguel Ernesto; Viaño Rey, Juan Manuel

Número de Prazas Ofertadas: 10

5. Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Neurociencia

Doutor polas Universidades: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña e Universidade de Vigo

Estructura do Doutoramento:

Realización de actividades de investigación: Os estudantes deberán cursar 12 créditos. Poden escoller actividades ou cursos propostos para o Máster que non teñan cursado. Estes créditos poderán cursalos simultaneamente á realización da etapa de tese.

Alumnos do Máster da Edición 2006-2007 (requisitos itinerario doutoramento)

Dos 60 créditos que deberán ter cursado os alumnos nun máster oficial de Neurociencias, 30 deberán corresponder a un Módulo de Iniciación á Investigación ou de contidos e obxectivos similares no caso de estudantes que procedan doutros máster. A elección dos cursos deberá facerse en función dos coñecementos previos do alumno e dos coñecementos que debe adquirir para a elaboración da Tese de Doutoramento. Se algún alumno acredita 60 créditos nun Master Oficial de Neurociencia, pero non realizou os 30 créditos de actividades de iniciación á investigación durante o Máster, pode acceder ao doutoramento, pero ten que realizar obrigatoriamente os 30 créditos de actividades de iniciación á investigación durante o doutoramento.

Pódense escoller actividades ou cursos propostos para o master que non se teñan cursado durante o mesmo.

Outros cursos.

Asistencia a conferencias, mesas redondas...
Comunicacións a congresos.
Participación en xornadas.
Rotacións en laboratorios.

Liñas Específicas de Investigación:

1. Neurotransmisión
2. Neuroquímica comparada
3. Minisatélites do Xenoma Humano. As beta-timosinas e o sistema nervioso
4. Neurohistoquímica do sistema nervioso central de peces
5. Medicina molecular en neurociencias
6. Conectividade en centros nerviosos
7. Nervios vomeronasais e nervio terminal en mamíferos: estudio das súas posibles relacións morfolóxicas e funcionais
8. Desenvolvemento do sistema nervioso
9. Cronoloxía do desenvolvemento do bulbo olfatorio accesorio en distintos grupos de mamíferos
10. Neurohistoquímica do envellecemento cerebral
11. Neurofisioloxía celular e de sistemas: os canais iónicos e a excitabilidade celular
12. Neurofisioloxía do sistema somatosensorial
13. Fisioloxía de sistemas sensoriais e motores
14. Neurofisioloxía do sistema visual
15. Biorritmos e metabolismo enerxético cerebral en peixes teleosteos
16. Neuroendocrinoloxía.

17. Farmacoxenómica e farmacoproteómica de sistemas de neurotransmisión en psiquiatría
18. Investigación psicobiolóxica dos procesos cognitivos (atención, memoria, linguaxe)
19. Aplicacións clínicas da investigación en Neuropsicoloxía e Psicofisioloxía (alcoholismo, trastornos da linguaxe, envellecemento normal e patolóxico...)
20. Neuroloxía
21. Mecanismos de destrución de neuronas dopaminérxicas e neuroprotección
22. Novas estratexias terapéuticas da enfermidade de Parkinson: Neuroprotección, Transplantes celulares. Potenciación do fenotipo dopaminérxico a partir de células troncais/proxenitoras como fonte tisular para transplantes
23. Tratamentos de apoio nas enfermidades neurodexenerativas: Imposición de ritmos externos
24. Bases neuroquímicas da epilepsia
25. Neurocirurxía
26. Morfopatoloxía e patoxenia da enfermidade de Aujeszky.
27. Enfermidade discal intervertebral canina.
28. Perturbadores neuroendocrinos e inmunotoxicoloxía
29. Psiquiatría clínica, psiquiatría social e psicoterapia
30. Circuitos cerebrais e mecanismos de sinalización en psiquiatría.
31. Alteracións citoarquitectónicas en neuropsiquiatría.
32. Modelos computacionais do cerebro.
33. Sistemas de liberación de fármacos ao sistema nervioso central.
34. Optimización de modelos de redes neuronais artificiais
35. Clasificación e recoñecemento de patróns con redes neuronais bioloxicamente plausibles
36. Modelización Computacional de Redes Neuronais e Sistema Glial
37. Exploracións isotópicas en neuroloxía
38. Neuroimaxe Dixital. Fundamentos e procesamento. Aplicacións en Neurociencia
39. Modelos Aditivos Xeneralizados: Aplicación en Fisioloxía, Epidemioloxía e Radioloxía.
40. Bioética aplicada ás neurociencias.

Non establece criterios para dirección de Teses:

USC: Acuña Fariña, Carlos; Adrio Fondevila, Fátima; Aldegunde Villar, Manuel alejo; Alemañ Posadas, Nuría Vicenta; Alonso Fernández, María Josefa Amenedo Losada, María Elena; Anadon Álvarez, Ramón; Arce Vázquez, Víctor M.; Argüello Pedreira, Francisco; Becerra Arias, Manuela; Brea Floriani, José Manuel; Brenlla González, Julio; Cadarso Suárez, Carmen María; Cadaveira Mahía, Fernando; Cadavid Torres, M^a Isabel; Candal Suárez, Eva Maria Canedo Lamas, Antonio; Carracedo Álvarez, Ángel María; Carrillo de la Peña, M^a Teresa; Caruncho Michinel, Héctor Juan; Castillo Sánchez, José; Castro Pérez, M^a de los Ángeles; Cifuentes Martínez, José Manuel; Corral Varela, M^a Montserrat ; Costas Costas, Javier; Díaz Fernández, Fernand; Diéguez González, Carlos; Domínguez Puente, Fernando; Domínguez Santos, María Dolores; Fernández Delgado, Manuel; Fontenla Gil, José Ángel; García Allut, Alfredo; García Mahía, M^a del Carmen; Gelabert González, Miguel; Gómez Márquez, Jaime; González García, Francisco; Guerra Seijas, María José; Iglesias Rodríguez, Roberto; Labandeira García, José Luis; Lindín Novo, Mónica; López Peña, Mónica; Lorenzo Lago, Ángeles; Loza García, María Isabel; Martín Cora, Francisco Javier; Matelos Álvarez, Raimundo; Méndez Álvarez, Estefanía M.S; Pesini Ruiz, Pedro; Relova Quinteiro, José Luis; Rodicio Rodicio, María Celina; Rodríguez Álvarez, Marina



Rodríguez Díaz, Miguel Ángel; Rodríguez Holguín, Socorro; Rodríguez Pallares, Jannette; Rodríguez Salgado, Dolores; Rodríguez-Moldes Rey, Isabel; Salazar Beloqui, Ignacio; Salazar Bernad, Isabel; Sánchez Quinteiro, Pablo; Sánchez, Vila, Eduardo; Sierra Paredes, Germán; Soto Otero, Ramón

UVIGO: Alfonso Pallares, Miguel; Álvarez Otero, Rosa; Caruncho Michinel, Cristina; Duran Barbosa, Rafael; Lafuente Giménez, M. Anunciación; Megías Pacheco, Manuel; Míguez Miramontes, Jesús Manuel; Pombal Diego, Manuel Ángel; Roca Pardiñas, Javier; Soengas Fernández, José Luis

UDC: Castro Castro, Antonio Manuel; Díaz Regueira, Sofía Margarita; Dorado de la Calle, Julián ; Fernández del Olmo, Miguel Ángel; González Fuentes, M^a José; De labra Pinedo, Carmen ; Manso Revilla, M. Jesús; Mariño Alfonso, Jorge; Martínez Otero, Luis Miguel; Pazos Sierra, Alejandro; Pereira Loureiro, Javier; Porto Pazos, Ana Belén; Rivadulla Fernández, Casto

Hospital Gregorio Marañón: Arango López, Celso

Hospital Clínico, Santiago: Blanco González, Miguel; Leira Muiño, Rogelio; Rodríguez Yáñez, Manuel; Ruibal Morell, Álvaro

HCV Rof Codina: Espino López, Luciano

Hospital de Conxo: Páramo Fernández, Mario

Complejo Hospitalario U. Vigo: Olivares Diez, José Manuel

Hospital Xeral-Calde Lugo: Pego Reigosa, Robustiano

Número de Prazas Ofertadas: 30



6. Programa Oficial de Posgrao Interuniversitario en Xerontoloxía

Doutores polas Universidades: Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de A Coruña

Estrutura do Doutoramento

Non se establecen cursos regrados, existindo un itinerario que os estudantes deberán seguir durante a realización do Máster e que comprende a totalidade das materias obrigatorias do primeiro curso do Máster en Xerontoloxía :

- Xerontoloxía Clínica I (15 créditos ECTS)
- Xerontoloxía Social I (15 créditos ECTS)
- Valoración e Intervención Terapéutica Xerontolóxica I (15 créditos ECTS)
- Metodoloxía de Investigación Xerontolóxica.Xerontoloxía Experimental (5 créditos ECTS)

Deberán realizar 10 créditos optativos de entre as seguintes materias do 2º curso:

- Actividade Física e de Lecer en Xerontoloxía II (5 créditos ECTS)
- Valoración, Intervención e Terapéutica Xerontolóxica II (5 créditos ECTS)
- Intervención Pedagóxica en Xerontoloxía (5 créditos ECTS)

Liñas Específicas de Investigación:

1. Trastornos conductuais do maior e carga de traballo do cuidador
2. Deseño de programa de intervención xerontolóxica
3. Aspectos educativos en xerontoloxía
4. Investigación básica en xerontoloxía
5. Psicobioloxía do avellentamento
6. Intervencións en saúde en xerontoloxía
7. Intervención no lecer en xerontoloxía
8. Intervención social en xerontoloxía
9. Aspectos socioeconómicos en xerontoloxía

Non establece criterios para a dirección de Teses:

Relación de Profesores/as e Investigadores/as Encargados na Dirección de Teses de Doutoramento

Quintáns Rodríguez, Maximino; Suárez Quintanilla, Juan; Rey Méndez, Manuel ; Iglesias Redondo, Julio; Martínez Roget, Fidel; Porto Serantes, Nélida; Antelo Martelo, Mónica; Gandoy Crego, Manuel; Mayán Santos, José Manuel; Pose Reino, Antonio; Bastida Domínguez, María; Losada Vázquez, Concepción; Fiuza Asorey, María; García Marín, Jorge; Radl Philipp, Rita; Oliveira Oliveira, Esther; Rodríguez Martínez, Antonio

Persoal externo: Fernández, Prieto, Montserrat; Mari Solera, José Luis ; Rodríguez Moar, Mª del Carmen; Varela González, Milvia

Número de Prazas Ofertadas: 15